# DIFERENZA EN REDE:
## Talento emerxente do deseño galego

Conversas sobre deseño e procesos creativos para a innovación e a sustentabilidade

A Axencia Galega de Innovación e a Fundación DIDAC organizan unha serie de conversas con profesionais galegos vinculados ao deseño e a innovación, moitos deles que teñen desenvolvido ou desenvolven a súa actividade fóra de Galicia, en liña coa súa intención de proxectar unha rede de profesionais de deseño galego.

Coa finalidade de dar a coñecer o talento e fortalecer a rede internacional de profesionais do deseño galego no marco do programa de **Deseño para a Innovación e a Sustentabilidade 2024 – DIFERENZA**, esta iniciativa quere proxectar o potencial do deseño como motor empresarial dando voz aos seus novos protagonistas, o que permitirá abordar diferentes temáticas e vías de desenvolvemento para o deseño dependendo da especialidade e experiencia de cada un destes profesionais.

As conversas comezarán o 31 de maio ás 11 h e desenvolveranse durante todo o ano os últimos martes de cada mes. Podes seguilas no noso canal de YouTube: **Programa Deseño para a Innovación**

Podedes consultar o programa en: gain.xunta.gal e didac.gal

## 31/05 · 11.00 – 12.00 h

**Primeira conversa: "Persoas galardoadas categoría Talento Emerxente dos Premios Galicia de Innovación e Deseño"**



**Yarza Twins**

Master of Arts Communication Design no Central Saint Martins (Londres). As irmáns Eva e Marta Yarza desenvolven proxectos de tipografía, 3D, animación, deseño editorial e de marca, desenvolvemento web e ilustración para Adidas, MTV, Converse, Smirnoff ou HP.



**Damián Calvo**

Graduado en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto pola Universidade da Coruña. Foi membro do equipo de deseño de produto de Samsung Design Europe en Londres e recentemente incoporouse a Dyson como deseñador industrial na nova sede global da compañía en Singapur.

XUNTA DE GALICIA · Xacobeo 21·22 · DIFERENZA